CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.

4.9.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en ámbitos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Os Primeiros Auxilios	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no ámbito laboral da titulación de técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.10.e) Contidos

Contidos
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os que constan nesta programación didáctica, que inclúen os do currículo do ciclo así como os elementos novos e subCA que aparecen na mesma.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: As cualificacións do alumno no módulo serán o resultado de valorar:

- Probas realizadas de control de coñecementos: Representan como mínimo o 80% da nota. Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación, dependendo da materia de que se trate que incluirán preguntas de resposta curta ou tipos test e supostos prácticos relativos ao temario. O exame será substituído por un traballo na Unidade correspondente á Orientación Laboral. Será necesario unha nota mínima de 4.5 para facer media; aínda que no traballo substitutivo do exame, será necesario obter, como pouco, un 5.

Se algún alumno ou alumna incurrixe, no desenvolvemento das probas, en prácticas fraudulentas, dita proba lle será retirada e avaliarase cun cero.

- Traballos e realización de actividades propostas: Representan como máximo o 20% da nota. Nos traballos avaliarase: presentación, estrutura, adecuación do contido ao nivel esixido, conclusións, bibliografía. Haberá que presentar, polo menos, a metade dos traballos propostos para que conte ese 20%.

O alumno para superar o módulo terá que acadar unha nota igual o superior a cinco, sendo requisito indispensable ter superadas cada unha das avaliacións.

A nota final será o resultado de realizar a media aritmética das avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

AVALIACIÓN PARCIAL OU RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

Aqueles/as alumnos e alumnas que teñan algunha unidade didáctica pendente, se lles avaliará esa parte, a ser posible, antes da avaliación dese trimestre. Se non, terán que ir a un exame ou facer un traballo final, durante o período de recuperación de xuño.

RECUPERACIÓN DO MÓDULO OU DALGUNA PARTE EN XUÑO:

Con anterioridade á realización da proba extraordinaria realizaranse titorías e actividades de reforzo dos contidos pendentes.

A nota máxima da recuperación (en calquera das tres modalidades indicadas) a media coa nota do exame anterior e, esa cifra, terase en conta para a media do módulo.

TRABALLOS OU EXAMES COPIADOS

** Os traballos e/ou exames que se demostren copiados, suporán suspendelos por parte tanto da persoa que copia coma da persoa copiada, e suporán a necesidade de recuperación segundo o anteriormente exposto.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba vai destinado aos alumnos que as súas faltas de asistencia superen o 10% do total da carga lectiva horaria do Módulo.

1. A avaliación destes alumnos faise coa avaliación final ordinaria de módulos.
2. Quen perda o dereito da Avaliación continua, terá que presentarse a un único exame que englobará preguntas teóricas e exercicios prácticos, sendo o valor da proba o 100% da nota e tendo que acadar un 5 na mesma para poder superar o módulo. (os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación serán os mesmo que os do apartado 5 desta programación).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo os procedementos establecidos polo centro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A profesora fará unha enquisa a través do Google Forms para tratar de determinar os coñecementos previos do alumnado. Tamén se terán en conta os datos expostos polo titor/a, na reunión do equipo docente de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tras unha proba de avaliación inicial e a coa observación directa do primeiro mes, levaranse a cabo as accións necesarias para aplicar as medidas de atención educativa aos alumnos que a precisen.

Poderán levarse a cabo adaptacións de materiais e deseño de actividades de reforzo para aqueles/as alumnos/as que teñan dificultade á hora de acadar os mínimos esixibles.

Co propósito de dar resposta educativa aos alumnos con altas capacidades intelectuais estableceranse actividades de ampliación de currículo. En todos os supostos e fundamental a coordinación co Departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Terase en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia e puntualidade, calquera das dúas trae consigo a perda de contidos e de traballos, o que suporá un retraso no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Comportamento durante o desenvolvemento das clases, o respecto os compañeiros, profesor/a e o material.
- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- Predisposición para o traballo en equipo.

Ademais:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do

seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...).
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teóricopráctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se acorden no Departamento e a través da aula de Emprendemento.

10. Outros apartados

10.1) Ensino on-line

Todos os contidos traballados na aula colgaranse na aula virtual. O alumnado que precise quedar no seu domicilio temporalmente terá a obriga de seguir o curso mediante o aula virtual e disporá desta para realizar as consultas que considere oportunas á docente.

10.2) Orientación Laboral

Procurarase levar a cabo un obradoiro de busca de emprego no segundo trimestre, coincidido co tema de Orientación Laboral.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	de Rodeira	Cangas	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0381	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	2	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA DEL MAR EXPÓSITO RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica realizase tomando como referencia o contido no Decreto 177/2010, do 1 de outubro, (que desenvolve o Real decreto 1629/2009, do 30 de outubro.) polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede.

Polo que respecta ao CONTORNO PROFESIONAL do alumnado do Ciclo superior en administración de sistemas informáticos en rede.

1. Este profesional exerce a súa actividade na área de informática de entidades que dispoñan de sistemas para a xestión de datos e infraestrutura de redes (intranet, internet e/ou extranet).

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a en administración de sistemas.
- Responsable de informática.
- Técnico/a en servizos de internet.
- Técnico/a en servizos de mensaxaría electrónica.
- Persoal de apoio e soporte técnico.
- Técnico/a en teleasistencia.
- Técnico/a en administración de base de datos.
- Técnico/a de redes.
- Supervisor/ora de sistemas.
- Técnico/a en servizos de comunicacións.
- Técnico/a en contornos web.

As 53 horas que, o módulo de Empresa e iniciativa emprendedora , ten asignado do conxunto das 2000 horas que conforman os estudos da titulación, oriéntanse a consecución da formación necesaria para que o alumno ou alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da súa familia profesional

A COMPETENCIA XERAL deste título consiste en configurar, administrar e manter sistemas informáticos, garantindo a funcionalidade e a integridade dos recursos e dos servizos do sistema, coa calidade exixida e conforme a regulamentación.

Con respecto o módulo de Empresa e iniciativa Emprendedora, os alumnos deberán acadar as seguintes COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS, E SOCIAIS:

- r) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- s) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable.
- t) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

OS OBXECTIVOS XERAIS deste ciclo, que corresponden o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son:

- p) Identificar os cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e laborais na actividade propia, analizando as súas implicacións no ámbito de traballo, para resolver problemas e manter unha cultura de actualización e innovación.
- r) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para xestionar a propia carreira profesional.
- s) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
- t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	TIPOS DE EMPRESAS: FORMAS XURÍDICAS E TRÁMITES PARA A CREACIÓN DUNHA EMPRESA	Comparación das formas xurídicas e os trámites de constitución e posta en marcha.	13	25
2	FORMALIDADES: OBRIGAS FISCAIS, CONTABILIDADE E ADMINISTRACIÓN	Determinación das obrigas fiscais e contables, así como a práctica e trámites administrativos.	14	25
3	ESPIRITU EMPRENDEDOR E A IDEA DE NEGOCIO	Análise das capacidades propias de emprender e as fontes de ideas empresariais.	8	10
4	RECURSOS: MATERIAIS E HUMANOS	Determinación dos recursos para o funcionamento dun negocio e a dirección de persoal a cargo.	12	20
5	O ENTORNO EMPRESARIAL E O MARKETING.	Entorno da empresa. Estudo de mercado. Recursos humanos dunha empresa	16	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	TIPOS DE EMPRESAS: FORMAS XURÍDICAS E TRÁMITES PARA A CREACIÓN DUNHA EMPRESA	13

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática e as comunicacións.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de informática e comunicacións tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.1.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Xustificación da elección da forma xurídica da empresa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	FORMALIDADES: OBRIGAS FISCAIS, CONTABILIDADE E ADMINISTRACIÓN	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa informática e as comunicacións, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (I
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de informática e comunicacións.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Elección de fontes de financiamento no plan de empresa.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da informática e as comunicacións.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de informática e comunicacións: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ESPIRITU EMPRENDEDOR E A IDEA DE NEGOCIO	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da informática e as comunicacións, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.3.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de administración de sistemas informáticos (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da informática e as comunicacións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	RECURSOS: MATERIAIS E HUMANOS	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.1 Determinouse a organización en RRHH dunha empresa do sector e a localización desta última.
CA2.12.3 Desglósase o proceso de produción e as distintas tarefas que o compoñen.
CA2.12.4 Determinanse os custos dos diferentes recursos necesarios para levar a cabo a actividade da empresa.

4.4.e) Contidos

Contidos
Localización da empresa.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Determinación do plan de produción e postos de traballo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O ENTORNO EMPRESARIAL E O MARKETING.	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do ámbito xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa informática e as comunicacións e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de informática e comunicacións, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de informática e comunicacións, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.2 Fixouse a cultura empresarial e a RSC da empresa no proxecto de negocio.

4.5.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do ámbito xeral dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do ámbito específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



Contidos

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Deseño dun plan de marketing.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Módulo profesional MP0034 : Empresa e iniciativa emprendedora

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1 Mínimos esixibles:

- Coñece o concepto de innovación.
- Recoñece a importancia do emprendedor.
- Coñece o concepto de risco.
- Coñece ideas innovadoras.
- Sensibilizouse co impacto ambiental.
- Coñece o contorno empresarial.
- Sensibilizase co concepto de responsabilidade social.
- Coñece os custos sociais das empresas.
- Valora a ética empresarial.
- Coñece a cultura empresarial.
- Coñece as relacións do sistema empresarial.
- Coñece a importancia das empresas na nosa economía.
- Pensa nunha boa idea de negocio.
- Coñece a estrutura do proxecto empresarial.
- Confecciona, segundo os pasos indicados, un plan de empresa para o seu sector de actividade.
- Identifica os requisitos para ser empresario.
- Coñece as características das empresas segundo a forma xurídica así como as vantaxes e desvantaxes de cada unha.
- Coñece as funcións das cooperativas.
- Sabe as implicacións da responsabilidade económica limitada e ilimitada.
- Distingue quen paga IRPF e quen IS.
- Explica todos os trámites que debe levar a cabo cada unha das formas xurídicas para por en marcha a actividade empresarial.
- Identifica as fontes para a obtención de axudas.
- Identifica as axudas, subvencións e fontes de financiamento tanto a curto como a longo prazo ás que poden optar as empresas.
- Cumprimenta correctamente un pedido, albará, factura, cheque, letra, pagaré e recibo e distingue que empresa é a que debe elaboralo e o circuíto que percorre.
- Confecciona segundo os pasos indicados un plan de empresa para o seu sector de actividade.
- Coñece os principais libros contables e cumprimenta correctamente un balance simple ea conta de resultados.
- Interpreta correctamente a situación dunha empresa logo de calcular os principais ratios financeiros.
- Describe os catro elementos do marketing mix e relaciona as nocións básicas sobre o produto, prezo, promoción e distribución do produto.
- Coñece as principais características do IRPF, IS, IVE e impostos municipais así como o calendario fiscal

5.2. Instrumentos de avaliación:

Os aspectos conceptuais valoraranse mediante a realización de probas de carácter teórico-práctico, mediante a realización de exames escritos, de preguntas breves sobre os contidos de cada unidade.

Os procedementos de traballo avaliaranse mediante a corrección das actividades correspondentes plantexadas e realizadas na clase e coa elaboración do proxecto empresarial por grupos de traballo.

As actitudes valoraranse basicamente mediante a observación directa, analizando os aspectos de continuidade no desenvolvemento do traballo e a disposición positiva que facilite ambientes sosegados e reflexivos, tanto individual coma colectivamente.

Para apreciar a consecución dos obxectivos utilizaranse os seguintes instrumentos:

OBSERVACIÓN DIRECTA: comportamento, interese polo módulo e participación do alumno ou alumna.

PROBAS OBXECTIVAS: Probas orais ou escritas orientadas a comprobar os coñecementos teóricos e prácticos do alumnado, o seu grao de razoamento e a capacidade de resolver problemas de xeito individual. Realizarase unha proba por trimestre. A data da mesma fixarase oralmente na propia aula coa antelación debida, e preferiblemente estará consensuada co grupo, pero en caso de non existir acordo, será o criterio da profesora o que teña preferencia.

Os exames constarán de varias preguntas teóricas e da realización dalgún caso práctico. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.

5.3. Criterios de cualificación:

As cualificacións do alumno no módulo serán o resultado de valorar:

- Probas realizadas de control de coñecementos: Representan o 80% da nota parcial e o 70% da nota final. Faranse como mínimo unha proba escrita por avaliación, dependendo da materia de que se trate que incluirán preguntas de desenvolvemento ou tipo test e supostos prácticos relativos ao temario. Estas probas farán media entre elas, sendo necesario unha nota mínima de 4.5 en cada unha delas. Se algún alumno ou alumna incorrese, no desenvolvemento das probas, en prácticas fraudulentas, dita proba lle será retirada e avaliarase cun cero.
- O proxecto empresarial avaliarase cunha nota entre 1 e 10, e representará o 20% da nota parcial e o 30% da nota final, tras a súa entrega total e exposición do mesmo.

O alumno para superar o módulo terá que acadar unha nota igual o superior a cinco, sendo requisito indispensable ter superadas cada unha das avaliacións e ter presentado o proxecto empresarial na data establecida. A nota final será o resultado de realizar a media ponderada aritmética das avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación/reforzo/apoio:

-Os alumnos serán avaliados parcialmente en cada trimestre. Se algún alumno/a non supera unha ou varias avaliacións parciais se lle fará unha proba de recuperación despois da avaliación correspondente, co obxecto de obter como nota máxima 5 puntos, cualificación coa que se fará media co outro trimestre. A superación da avaliación posterior non comprende a anterior agás que expresamente se indique o contrario polo profesor.

Para a superación do módulo teranse en conta ás circunstancias académicas particulares de cada alumno/a, avaliadas de xeito obxectivo (cualificación numérica da anterior, asistencia a clase, traballos realizados e resultados, participación na aula, comportamento cos demais alumnos e co profesor).

-Os alumnos que non teñan as dúas avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final para superar o módulo.

-Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse exercicios de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, vanse programar actividades de recuperación, tales como:

- . Realización de casos prácticos.
- . Traballos individualizados.
- . As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
- . Todo isto de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.

2. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo

período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva ou un traballo.

Para supera-lo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10% de faltas de asistencia sen xustificar, que no módulo de EIE, equivale a 7 sesións.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O alumno/a será orientado previamente sobre a forma de realizar dita proba que consistirá nunha proba obxetiva teórico-práctica achega dos criterios de avaliación do módulo considerados mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva. A cualificación será numérica entre 1 e 10 puntos, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

O instrumento que se empregará para avaliar a estes alumnos é a proba denominada Proba Final Extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita onde se incluírán preguntas de diverso tipo sobre a materia e supostos prácticos a resolver. Esta proba vale o 100% da nota final e será necesario alcanzar 5 puntos sobre 10 para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo os procedementos establecidos polo centro

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O profesor fará unha enquisa oral para tratar de determinar os coñecementos previos do alumnado. Tamén se terán en conta os datos expostos polo titor/a, na reunión do equipo docente de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tras unha proba de avaliación inicial e a coa observación directa do primeiro mes, levaranse a cabo as accións necesarias para aplicar as medidas de atención educativa aos alumnos que a precisen.

Os alumnos que requiran determinados apoios e atencións educativas por padecer algún tipo de discapacidade física ou psíquica terán unha atención especializada coa finalidade de conseguir a súa integración. Se é necesario, traballarase xunto co departamento de Orientación para a adaptación de medidas.

Con respecto a aqueles alumnos que necesiten apoio educativo, como é o caso do alumno que non supere algunha avaliación, facilitaráselle actividades de reforzo de distinto grao de dificultade.

Co propósito de dar resposta educativa aos alumnos con altas capacidades intelectuais estableceranse actividades de ampliación de currículo. En todos os supostos e fundamental a coordinación co Departamento de Información e Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Terase en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia e puntualidade, calquera das dúas trae consigo a perda de contidos e de traballos, o que suporá un retraso no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Comportamento durante o desenvolvemento das clases, o respecto os compañeiros, profesor/a e o material.
- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- Predisposición para o traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se fixen no Departamento e a través da aula de emprendemento.

10. Outros apartados

10.1) Aula virtual

Todos os contidos traballados na aula colgaranse na aula virtual, a saber, apuntamentos teóricos, boletíns de exercicios e todo canto material se empregue presencialmente como ligazóns a vídeos ou outro tipo de ferramentas didácticas.

O alumnado que precise quedar no seu domicilio temporalmente terá a obriga de seguir o curso mediante o aula virtual e disporá desta para realizar as consultas que considere oportunas á docente.